

43 festa do QUEIXO **Arzúa, 2-3-4 marzo 2018**

BASES CONCURSO DE CARTEIS

1º- O orixinal deberá medir entre 30x40 cm e 70x100 cm. Cada autor/a poderá participar cun máximo de 3 traballos, con material e técnica libres, manual, mecánica ou dixital, sempre que estes sexan orixinais. Recoméndase presentar o traballo sobre soporte ríxido de cartón pluma ou similar.

2º- A obra debe presentarse impresa, sen sinatura de autor/a, que limitará a súa identificación a un lema ou ao título da peza. Debe acompañarse dun sobre pechado coa obra en formato dixital -CD/USB-, unha breve explicación, e os seguintes datos: nome e apelidos, D.N.I., idade, profesión, enderezo, teléfono e correo electrónico.

3º- O xurado valorará especialmente: a creatividade do arte final, o impacto visual e a relación coa filosofía do evento. Terá en conta a versatilidade e potencialidade para crear futuras aplicacións gráficas (nas que se engadirá en texto o programa do Festival do Queixo e outros ítems). Os queixos que formen parte da imaxe -no seu caso- deberán respectar a morfoloxía lenticular do queixo D.O.P. Arzúa-Ulloa. Deberá figurar o texto "43ª FESTA DO QUEIXO. Arzúa, 2, 3, 4 marzo de 2018". No caso de empregar algunha imaxe ou marca que non sexa propiedade do autor/a, deberase xustificar a compra dos dereitos (excluíranse de concurso as obras con imaxes procedentes de internet protexidas por dereitos de autor).

4º- PRAZO: os orixinais deberán recibirse antes do luns 4 de decembro de 2017 ás 14 h., na Oficina da Concellaría de Cultura do Concello de Arzúa -Rúa Pai Pardo 33, 1º. 15810 Arzúa- (edif. sociocultural María Mariño, a carón de Radio Arzúa e Biblioteca Municipal).

5º- A elección dos premiados realizarase na Capela da Madanela de Arzúa, o luns **11 de decembro de 2017** ás 14 h. mediante valoración dun xurado cualificado designado polo Concello, agás a do 4º premio, que será elixido por **votación popular** o domingo **10 de decembro**, entre as 12 h e as 14 h. O sobre co gañador deste 4º premio permanecerá pechado ata o luns 11, para entrar tamén na votación final do xurado.

6º- Todas as pezas estarán expostas na Capela de Madanela, de 19 h a 21 h. Do 11 ao 15 de decembro e o 2, 3 e 4 de xaneiro de 2018, así como nas datas da festa (as datas e horarios poden sufrir lixeiras modificacións, que se actualizarán nestas bases e noutros soportes, web, redes sociais, etc). A obra elixida como 1º premio será o cartel anunciador da 43ª edición. A entrega de premios terá lugar no acto inaugural da 43ª Festa do Queixo, o sábado 3 de marzo de 2018.

7º- Os 4 orixinais premiados e os seus dereitos de imaxe pasarán a ser propiedade do Concello de Arzúa, que poderá reproducilos, modificalos e aplicarlos a distintos formatos e soportes sen autorización do/a autor/a. Os orixinais non premiados poderán recollese na Concellaría de Cultura ata 60 días despois do evento. Cada gañador só pode levar un único premio, no caso de pertencer ao mesmo autor/a varias pezas premiadas, o premio pasa ao seguinte cartel con maior nº de puntos.

8º- A Organización resérvase o dereito a deixar baleiros os premios, así como a rexeitar para concurso calquera peza que considere, ou que non se axuste ás presentes bases. As súas decisións serán inapelables.

PREMIOS

Os premios levarán aplicada a correspondente retención fiscal por I.R.P.F. A dotación económica dos premios estará suxeita á lexislación fiscal vixente, segundo establece o Real Decreto 439/2007.

1º 600 € + fin semana turismo rural 2 persoas
+ lote de produtos "Festa do Queixo"
+ queixo D.O.P. Arzúa-Ulloa

2º 300 € + xantar 2 persoas
+ lote produtos "Festa do Queixo"
+ queixo D.O.P. Arzúa-Ulloa

3º 100 €
+ lote produtos "Festa do Queixo"
+ queixo D.O.P. Arzúa-Ulloa

4º agasallo especial
+ lote produtos "Festa do Queixo"
+ queixo D.O.P. Arzúa-Ulloa

FINALISTAS: todas as pezas que recibiran algún punto do xurado, levarán de premio un queixo da D.O.P. Arzúa-Ulloa.

amigamos? ;)

ORGANIZA



Concello
de Arzúa

 facebook.com/festadoqueixo
 twitter.com/festaqueixo
 youtube.com/festadoqueixo

festadoqueixo.org